

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL (CONTRATO DE RELEVO)
MEDIANTE CONCURSO, DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES.**

BASES

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral a tempo completo, na modalidade de “contrato de relevo”, e utilizando o concurso como sistema de selección, de 1 praza de operario de servizos múltiples do Concello de Cabana de Bergantiños.

Á vista da solicitude presentada por D. Ramón García Novo, traballador laboral fixo, operario de servizos múltiples deste Concello, no que solicita que se lle conceda a xubilación parcial cunha redución da xornada laboral do 80% e tendo en conta que o artigo 12.6 do RD Lex. 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores establece que para un traballador poida acceder á xubilación parcial resulta necesario concerta simultaneamente un contrato de relevo.

Publicada na oferta de emprego público do Concello do ano 2.010, a citada praza clasificada como laboral temporal de relevo. 80% da xornada do traballador relevado. Número de vacantes: unha. Denominación: Operario de Servizos Múltiples.

SEGUNDA.-DURACIÓN DO CONTRATO E DA XORNADA DE TRABALLO E SALARIO DO TRABALLADOR.

A duración do contrato será desde a sinatura do mesmo ata a xubilación definitiva e completa do traballador relevado (D. Ramón García Novo). Se, o cumprir a idade de xubilación, o traballador xubilado parcialmente continuase prestando servizos para o Concello, o contrato de relevo que se tivera celebrado por duración determinada, poderá prorrogarse mediante acordo das partes por períodos anuais, extinguíndose, en todo caso, ao finalizar o período correspondente ao ano no que se produza a xubilación total do traballador relevado. Fora deste suposto non caberá, unha vez xubilado totalmente o traballador relevado, prórroga baixo ningún concepto do presente contrato de relevo.

A xornada de traballo será a tempo parcial, e será equivalente á redución da xornada laboral do traballador relevado, isto é será igual ao 80% da xornada laboral do traballador relevado. O horario de traballo do traballador relevista poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con él.

O traballador relevista terá a obriga, salvo pacto en contrario, de concentrar o tempo de traballo a cumprir nun único período anual continuado. Durante o mencionado período o persoal realizará o mesmo horario de traballo que a xeneralidade dos traballadores de postos iguais ou similares do Concello de Cabana de Bergantiños, ata completar o total de horas anuais que lle corresponda, sen posibilidade de acumulación das tarefas dun ano anterior ás do seguinte ou seguintes. A participación no presente procedemento de selección implicará o coñecemento e aceptación de tales condicións de horario e xornada laboral.

O traballador terán un salario de 950,28 euros/brutos (por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra).

TERCEIRA.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

1.-Para ser admitidos ás probas selectivas de acceso á devandita praza os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, de 23 de decembro, e na L.O. 4/2000, de 11 de xaneiro.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte.

A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as **persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia**, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Para a acreditación do cumprimento do presente requisito deberá presentarse por parte do aspirante informe ou certificado médico onde conste expresamente que o aspirante resulta apto para a realización das presentes probas e a posterior realización do traballo de peón de servizos múltiples do Concello de Cabana de Bergantiños.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.

f) Estar en situación de desempregado ou ter suscrito co Concello de Cabana de Bergantiños un contrato laboral de duración determinada por esixencia do artigo 12.7 a) do Estatuto dos Traballadores. O que deberá acreditarse mediante a presentación de copia compulsada do contrato ou informe da oficina de emprego que acredite a condición de desempregado.

g) Estar en posesión do título de estudos primarios (certificado de escolaridade ou equivalente), o que acreditarase mediante a presentación de copia do mesmo.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse o modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días naturais**, contados dende o seguinte ó da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na web do Concello (www.concello-cabana.com). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, xde 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

2.-Á instancia unirase inexcusablemente:

a).-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b).-Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

c).-Fotocopia do título acreditativo de estudos primarios (certificado de escolaridade ou equivalente).

d).-Informe ou certificado médico onde se faga constar claramente e sen xénero de dúbidas que o aspirante se atopa apto para o desenrolo das probas e para o posterior desenrolo do traballo como operario de servizos múltiples. A non presentación do citado

informe ou se no mesmo non se establecese claramente o carácter de apto facultará ó Alcalde para a inadmisión do aspirante.

e) Informe da oficina de emprego correspondente que acredite a súa condición de desempregado ou copia do contrato vixente de duración determinada co Concello de Cabana de Bergantiños.

f) Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais ou copia do xustificante de ingreso na conta municipal designada de seguido, cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta (nº de conta para abono bancario: 2091-0075-70-311000019). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en **3 euros**, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

3.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición de interesado.

4.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcurrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.-ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web do Concello de Cabana.

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **5 días naturais** contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aqueloutras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a data de reunión do Tribunal cualificador, que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web do mesmo.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.-O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente:

- **Presidente:** Funcionario de grupo A.

- **Secretario:** O da Corporación ou funcionario en quen delegue. (que actuará con voz pero sen voto.)

- **Vocais:** O alcalde designará os seguintes:

1.- Un/unha trabllador/a laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello

2.-Un/unha trabllador laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello

2.-Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

3.-Asemade, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal de acordo co disposto no artigo 29 da devandita Lei.

4.-O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

5.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e éstos limitaránse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

6.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.-A Alcaldía-Presidencia resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

SÉTIMA.-PROCEDEMENTO DE SELECCION E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso, incluíndo a realización dunha proba práctica obrigatoria, e constará de dúas fases: valoración de méritos e realización de proba práctica.

A.-Por titulación superior a esixida (ata 1 punto):

-Graduado escolar (EXB, Graduado en Eso ou equivalente): 0,25 puntos.

-Bacharelato ou FP medio: 0,5 puntos.

-Diplomatura ou licenciatura: 1 punto.

(as titulacións son autoexcluintes, valorándose unicamente a de maior nivel e puntuación. Acreditarase mediante a presentación do título oficial ou documento equivalente).

B.-Por estar en posesión do carnet de conducir (ata 0,50 puntos):

-B1 : 0,25 puntos.

-C1 e/ou BTP: 0,5 puntos.

(Acreditarase mediante a presentación de copia do mesmo).

C.-Experiencia profesional en postos similares (peóns de obras, brigadas medioambientais ou extinción de incendios, oficiais de obras etc..) na Administración pública:

0.10 puntos por mes traballado *ata un máximo de 4 puntos.*

Non se computarán os periodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase mediante certificación expedida polo Organismo competente, ou copia do contrato de traballo pero sempre que se acompañe de vida laboral ou documento de finalización do contrato. En todo caso da documentación presentada deberá quedar acreditada claramente a data de inicio e finalización efectivas de prestación dos servizos. No caso de que o tribunal de selección considere que non queda debidamente

acreditado que efectivamente se presetaron os servizos na data de contratación poderá non valorar ese período.

D.-Entrevista persoal.

Realizarase unicamente no caso de que o tribunal o estime convinte e servirá para valorar os aspectos curriculares dos aspirantes. Valorarase cun máximo de 2 puntos.

E.proba práctica:

A proba terá carácter eliminatorio, no caso de non presentarse non se procederá a ter en conta a valoración da fase de concurso, quedando estes aspirantes cunha puntuación total de 0 puntos e consecuentemente eliminados do procedemento de selección.

Os aspirantes serán convocados provistos do seu D.N.I. para cada exercicio en chamamento único e por orde alfabética do primeiro apelido. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decaea automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuito ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificada e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que no rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenrolo da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

Consistirá na realización das seguintes seguintes probas de carácter obrigatorio e eliminatorio.

+ 1ª proba.

Consistirá na construción dun pequeno muro de ladrillo dunhas medidas aproximadas de 1 m², nun tempo máximo de 15 minutos. Valorarase a calidade do acabado e o tempo empregado na realización da proba. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible como mínimo obter unha puntuación de 5 puntos.

+ 2ª proba.

Consistirá na realización dunha proba de soldadura eléctrica sobre diversas superficies metálicas, cun tempo máximo de 15 minutos. Valorarase a calidade do acabado e o tempo empregado na realización da proba. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible como mínimo obter unha puntuación de 5 puntos.

+ 3ª proba.

Consistirá na realización dunha proba de pintura, consistente na preparación previa dos materiais facilitados polo Concello, preparación da superficie e pintado dunha superficie vertical de 3 ou 4 m², cun tempo máximo de 20 minutos. Valorarase a calidade do acabado e o tempo empregado na realización da proba. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible como mínimo obter unha puntuación de 5 puntos.

A puntuación final será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nas diferentes probas e nos méritos alegados e acreditados.

No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen acredite maior experiencia. Se persistira o empate, atenderase a quen acredite maior titulación académica. De persistir o empate este se resolvería mediante unha entrevista persoal de carácter curricular que se valorará con un máximo de 2 puntos aos sos efectos de desfacer o empate.

OITAVA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar éstos o número de prazas convocadas e faráa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web do Concello.

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes aprobados.

3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de peóns. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

NOVENA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de **5 días naturais**, contados a partir da publicación da relación de aprobados no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello, os documentos seguintes:

a.-Fotocopia compulsada polo Secretario do Concello do Documento Nacional de Identidade e demáis méritos alegados ós que se refire a cláusula sétima.

b.-Informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza á que optou.

c.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

d.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e.-Declaración xurada de non incorrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

f.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

g.-Fotocopia compulsada polo Secretario do Concello do informe da oficina de emprego que acredite a súa condición de desempregado ou do contrato de traballo de duración determinada co Concello de Cabana de Bergantiños.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co

aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.-A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Lei 7/2007, de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación, Ley Xeral da Seguridade Social, Lei 40/2007 e RD. 1131/2002.

Cabana de Bergantiños, 20 de setembro de 2.010

O ALCALDE,

Asdo. JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ

DILIXENCIA: A poño eu como secretario xeral do Concello de Cabana de Bergantiños para facer constar que as presentes bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso de 8 peóns para a limpeza de praias do Concello de Cabana de Bergantiños, que constan de 7 follas e 1 anexo, rubricadas ó marxe coa sinatura da secretaria, foron aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 666/2010 do 24 de setembro.

O Secretario.

Asdo Federico M. Suárez Cancelo.

ANEXO I

| | | | |
|--|---------------------------|-------------------------------|----------------------|
| 1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: | | | |
| 2.- CONVOCATORIA: | | | |
| 3.- DATOS PERSOAIS: | | | |
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | |
| | | | |
| DATA DE NACEMENTO | LUGAR DE NACEMENTO | PROVINCIA DE NACEMENTO | |
| | | | |
| DNI | DOMICILIO | TELEFONO | |
| | | | |
| MUNICIPIO | | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
| | | | |
| 4.-FORMACIÓN (TITULOS) | | | |
| 5.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA: | | | |
| 6.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA: | | | |
| <input type="checkbox"/> a.-Fotocopia do DNI. | | | |
| <input type="checkbox"/> b.-Fotocopia do título correspondente. | | | |
| <input type="checkbox"/> c.-Informe ou certificado médico | | | |
| <input type="checkbox"/> d.-xustificante de ter aboado as taxas de examen. | | | |
| <input type="checkbox"/> e.-Xustificante de estar desempleado ou con contrato de duración determinada | | | |
| <input type="checkbox"/> f.-Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen. | | | |

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

En a de de 2010

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)